



## MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES E A UNIVERSIDADE NACIONAL DE EDUCACIÓN A DISTANCIA (UNED) PARA A IMPARTICIÓN POR PARTE DESTA ENTIDADE DA FORMACIÓN PEDAGÓXICA E DIDÁCTICA PARA IMPARTIR DOCENCIA NAS ENSINANZAS DE FORMACIÓN PROFESIONAL

Ao abeiro do establecido no punto cuarto, f) da resolución da Consellería de Economía e Facenda do 08 de abril de 1991 pola que se fai público o acordo do Consello da Xunta de Galicia do 17 de marzo de 1991 sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, expoño os antecedentes, razóns de oportunidade e obxectivos que se pretenden co convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación Formación Profesional e Universidades e a UNED para a impartición por parte desta entidade da formación pedagóxica e didáctica para impartir docencia nas ensinanzas de formación profesional.

### **Antecedentes**

A Orde EDU/2645/2011, do 23 de setembro, modificada pola Orde ECD/1058, do 7 de xuño, establece a formación equivalente á formación pedagóxica e didáctica esixida para aquelas persoas que estando en posesión dunha titulación declarada equivalente para efectos de docencia no poden realizar os estudos de máster.

### **Razóns de oportunidade**

A oportunidade da sinatura deste convenio de colaboración vén determinada polo interese da Consellería en que os profesionais que posúan titulacións académicas declaradas equivalentes para efectos de docencia e non poidan acceder aos estudos de máster regulados pola Orde ECI/3858/2007 teñan acceso a estes estudos, coa finalidade de poder presentarse aos procesos selectivos aos que teñan dereito en función da titulación académica que posúan.

### **Obxectivos**

Os obxectivos deste convenio son a organización o recoñecemento e certificación dos





estudos ofertados por parte da UNED para impartir a formación equivalente á formación pedagóxica e didáctica esixida na LOE, para aquelas persoas que por razóns derivadas da súa titulación, non poidan acceder aos estudos de máster regulados pola Orde ECI/3858/2007, pola que se establecen os requisitos para a verificación dos títulos universitarios oficiais que habiliten para o exercicio das profesións de profesor, entre outras, de formación profesional, nos centros sostidos con fondos públicos en Galicia.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

A directora xeral de Ordenación e Innovación Educativa

Judith Fernández Novoa

